

O CANDIL

Maio 1998

Nº 17



ESCOITA ESTE CONTO

(IV CONCURSO DE CONTOS)

Co gallo da celebración do **Día das LETRAS GALEGAS de 1998** os **alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu** (Pontevedra), presentamos os contos gañadores do **IV CONCURSO DE CONTOS**.

Este ano queremos celebralo dun xeito moi especial por estar dedicado a uns trobadores que cantaron ás nosas rías, ás nosas romerías,... rematando as actividades da semana que lle dedicamos ás Letras Galegas no eirado da ermida de Sanamedio, onde faremos a entrega dos premios do Concurso de Contos. Dentro desta ledicia botamos en falta a outro dos nosos trobeiros, Nuno Treez, que cantou a San Clemente, santo que tiña unha ermida (hoxe na ruína) na illa do Santo situada nas proximidades de Lapamán.

Unha vez máis o Colexio Público de Bueu quere dar un sinxelo agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos. Hoxe un recoñecemento moi especial a tódolos mestres/as do Colexio A Laxe de Marín, A Guía e Reibón de Moaña, A Rúa de Cangas, Colexio de Beluso e Virxe Milagrosa de Bueu, e a todo o alumnado participante neste IV Concurso de Contos.

Cáseque tódolos debuxos que acompañan ós contos son do mesmo autor do relato. A fermosa pluma da portada é obra de Carlos Pintos Llópiz.

***“Ós pés da cruz de Sanamedio
renden os nenos gabanzas
trobando amores sinxelos
a un futuro de esperanzas.”***

Coordina:	Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran:	Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu Equipo de Normalización Lingüística Benito Fernández Alonso X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina:	Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal:	PO-2-96
ISSN :	1137-1994

CRIS

1º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora M^a TAMARA CORTEGOSO DOMINGUEZ

Colexio "A Laxe" – Marin

Querida tía Cris:

Dende que te fuches, tía, xa non podo ser feliz de todo. Todo sucedeu cando ninguén o esperaba.

Nunca, no teus 28 anos de vida, estiveras enferma.

A verdade é que, neses quince días de sofrimentos, creo que loitaches con tódalas túas forzas por quedares.

Ó mellor acordábase de todos eses veráns que pasamos xuntas na casa da avoa. Entón, cando o sol desaparecía no horizonte, e xa non facía tanta calor, xogabamos ó "Tiburón" e o "Corre, corre que te vou pillar" na rúa. ¡Pasabámolo tan ben! ¿Verdade tía? Algunhas veces saía a avoa a chamarnos para tomala merenda e despois de refrescarnos, botabámonos no chan do salón e intentabamos descubrir algunha estrela perdida no teito.

O día que chamaron para dárla-la noticia recordareino sempre: 20 de febreiro do 97.

Atopacheste mal e tivéronte que levar ó hospital, aló metéronte na UCI, ás 4:00 da madrugada caíches en coma.

Cando chegamos de Valladolid aínda puidemos mirarte viva gracias ás máquinas que te mantiñan neste lado.

Moitas veces penso que estás agardando por min na casa da avoa para xogar coma sempre na rúa.

Quince longos días estiveches vivindo conectada ás máquinas que mantiñan as túas constantes vitais.

Dábanme calofríos só de pensalo. Pechaba os meus ollos e víate conectada ás máquinas e con tubos nos brazos, non podía resistilo dábanme ganas de chorar.



Había momentos nos que te atopabas mellor e parecía que ías despertar dese letargo infernal.

Pero morriches un 6 de marzo do 97, sobre as 7:30, na hora das visitas, xusto cando os avós entraban pola porta. Unha das máquinas comezou a pitar, a luz xa non subía e baixaba coma antes, converteuse nunha liña recta sen final.

Icinerámoste e logo botámoste ó mar, como seguramente che gustaría a ti.

Cada vez que vou á praia penso que agora estarás xogando coas sereas, a facer castelos de area e a poñer un bico en cada gota de auga.

Quérete: A túa sobriña.



UXÍO E O MAR


2º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora **NEREA BETANCOR GONZÁLEZ**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Nun pequeno pobo vivía Uxío, un mariñeiro duns 50 anos, que levaba traballando no mar dende os 14 anos, nunha barca que herdara do seu avó.

Os seus veciños tiñanlle envexa, máis de 30 quilos de peixe pescaba ó día na súa barquiña.



Vivía nunha pequena casiña de madeira, sen máis compañía que a dun escuro gato chamado Tin.

Tódalas mañás erguíase á seis e dirixíase á praia, tiraba da corda para achega-la barca, revisaba se tiña todo o material preciso, observaba o depósito de gasoil e elevaba a áncora.

Cando comezou a face-los primeiros espaventos co temón xa eran as sete menos cuarto, chovía ipero de que maneira! Así que Uxío na cabina do temón comezouse a poñe-lo traxe de auga.

Ó redor das oito da mañá, Uxío estaba alonxadísimo da costa, case que non se distinguía, xa pasara ducias de barcos que pescaban, incluso coma sempre, a pesar daquel día, estaba afastadísimo dos máis atrevidos.

Todo ía estupendamente, era o seu mellor día, tiña collidos 40 quilos de atún.

Botou a rede por oitava vez pero cando a izou atopou algo que non era un peixe normal, parecía un.... parecía.... un tiburón, tiña un metro de longo.

Uxío estaba asustado, nunca tal vira nunhas augas coma esas, se a cría tiña un metro de longo ¿como serían de longos os seus pais?.

De súpeto, unha grande mancha escura cubriu unha zona preto á barca, Uxío recolleu, sen sobresaltos para non facer ruído, todo o material de pesca e entrou na cabina, dirixiuse á costa sixilosamente, eran as dúas da tarde e aquela mancha escura parecía seguilo caute-losamente baixo o mar. Case chegara á zona onde anteriormente estaban os barcos; xa non había ninguén, ó redor da unha marchábanse a comer e volvían ás tres da tarde, faltaba unha hora. Nesa hora debía chegar á praia e avisar a tódolos que posuían embarcacións que non deberían saír ó mar ata que un entendido no tema inspeccionara a zona e estudia-

ra a posible familia de tiburóns. Se fosen só dun metro... pero aquela mancha que o seguía medía uns tres ou catro metros de longo, incluso cinco.

Parecía ir esgotándose, posto que ás veces quedábase atrás, pero outras corría, mellor dito, nadaba rapidamente para alcanzalo.

Xa se vía a costa claramente e a súa casa, distinguíanse as algas da orilla, e algúns mariñeiros que se preparaban para saír, ó cabo duns minutos chegarían moitos máis para completa-la súa xornada mariñeira, debía chegar a tempo, decidiu poñer-lo motor ó máximo, máis un golpe na popa volcou a barca, Uxío loitou por subir ó revés da barca que aínda emerxía, pero un golpe cun pao do barco deixouno inconsciente. Un mariñeiro que vira todo dende a praia dirixiuse alí, botouse á auga, inocente de perigo que o acechaba, colleu a Uxío e meteuno no barco. Cando chegaron á praia facía un pouco que o tiburón quedara atrás, por ser pouco profundas as augas.

Na praia pregoaron a mala nova, e uns entendidos alonxaron os tiburóns daquelas augas.

A partir daquela Uxío non se alonxou tanto da costa, aínda que xa non pescaba 40 quilos, pescaba 30, e o fin e ó cabo para el e para o seu escuro gato chamado Tin, xa lle chegaba.


* * * *


O MAR

3º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora ROSALBA PIÑEIRO ZANGRANO
Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Había unha vez nunha escola dous irmáns xemelgos moi fedellos, pero eles ían ben en tódalas asignaturas e sacaban sempre boas notas agás en ciencias da natureza. Un día a súa mestra de ciencias pediulles de deberes unha redacción acerca do mar e deulles a tódolos alumnos unha semana de prazo, xa que ela sempre di: "Mellor tarde ca nunca", e ela quere sempre unha cousa ben feita. O remata-la clase a mestra díxolle ós dous rapaces: "Xoán e Lois tendes que mellorar na miña clase se non queredes que fale coa vosa nai". Estes rogáronlle á mestra que non dixera nada diso a súa nai, xa que esta castígaos duramente, a mestra sentiu mágoa dos rapaces e non dixo nada.





exclamou: ¿Que tal se explorámo-lo mar?. Entón Lois dixo: ¡Paréceme estupendo, quizais atopemos algo interesante!.

Puxéronse as gafas e tubos de buceo e empezaron a suca-lo mar dividíndose así:


Xoán iría na dirección máis próxima á superficie e na zona intermedia, mentres que Lois iría na dirección contraria preto do fondo mariño.



No mar Xoán atopou grande cantidade de especies, coma tipos de algas ben sexa grandes coma microscópicas e outras plantas mariñas coma poseidonias que necesitaban da luz solar para realiza-la fotosíntese, tamén atopou moitos peixes, augamares, ... Lois sen embargo, atopou peixes de grandes ollos que procuraban a luz propia, e outros animais aínda que... nese lugar escasea máis a biocenose e está todo máis escuro.

Ó reunirse de novo Xoán e Lois tiveron dificultades para volver á casa, pois no seu camiño atopáronse cunha quenllas, por sorte para eles un dos dous rapaces ó ver que un golfi-

ño estaba atrapado nunha rede e a punto de ser transportado nun barco enorme, liberouno e fixo amizade con el posteriormente.



O golfiño agradecido, e vendo que agora o seu amigo e mailo seu irmán estaban en perigo, salvounos e levounos cara á praia.

Ó chegar á casa ó cabo de tres días a nai dos rapaces pediulles a estes unha boa explicación respecto ó sucedido, Xoán contestoulle: "Mamá ti sempre dixeches que obteremos



un severo castigo senón sacabamos boas notas en tódalas asignaturas". Ante estas palabras a nai preguntou que como podía ela saber se ían sacar boas notas, os

nenos cheos de confianza exclamaron: ¡Xa o verás mañá!

Ó día seguinte foron recolle-las notas ante a admiración da súa nai ¡Conseguirán aprobar tódalas materias e obtiveron a cualificación máis alta de tódolos rapaces da clase en redaccións.

Xoán e Lois foron perdoados pola súa nai e volveron contentos para a súa casa.

Aínda que na súa mente sempre se acordaron desta fermosa experiencia chea de tesouros e riquezas pero á vez moi perigosa e por suposto do seu amigo o golfiño.



ALGO ESTRANO NO FONDO DO MAR

4º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora NATALIA MARTÍNEZ GARCÍA
Colexio Público 'A Guía' de Moaña

Todo comezou unha fin de semana que fun á praia cuns amigos. Decidimos ir á praia para saír da casa e non ter que aturar ós nosos pais. Cando chegamos á praia, puxémo-los traxes de buzo, e comezamos a bucear. Non atopabamos nada, pero non nos importaba, porque en realidade o que queríamos facer era divertirnos, e xa o estabamos a conseguir. Todo o mar estaba limpo, sen algas e sen nada, e tiña unha cor verde moi bonita. Cando saímos da auga fomos cara á tenda e comezamos a contar historias horribles, que trataban de monstros e cousas así, ata que xa nos quedabamos a durmir, e paramos. Ó día seguinte, fixémo-lo mesmo, erguémonos, almorzamos, puxémonos outra vez os traxes de buzo, e ... ía nadar!. Pero esta vez pareceunos atopar algo, si, algo que se estaba a mover, parecíanos persoas, ou quizais... non sei, a verdade é que non se miraba moito, porque pola noite houbo moito vento e o mar estaba porcallento.

Dende ese momento, comezamos a ir cara abaixo, ata que non tiñamos máis osíxeno. De repente apareceu diante de nos un bicho enorme, que de súpeto nos encheu as botellas de osíxeno. Foi todo moi rápido, e non nos deu tempo a ver de que animal se trataba. Esquecémonos de todo, e seguimos a nosa viaxe. Cando estabamos xa a gran distancia, apareceu unha cova. Nós, sen pensalo dúas veces, mentímonos. Nesa cova non había nin unha gota de auga e non sabíamos por que, pero parecíanos todo moi estraño. Era como se houbese vida no fondo do mar, e era imposible. Xa coa cabeza fóra da auga, quitamos o osíxeno e respiramos ata consumi-lo aire.

Estabamos moi cansos e non podíamos seguir así, porque nunha destas algún quedaría no camiño. Todos estabamos xa máis tranquilos cando, de súpeto, coma o animal ese tan raro, aparece un ser moi pequerrecho, cun tubo pola cabeza polo que respiraba. Éste falounos. Nós, co atormentados que nos sentiamos, non soubemos responderlle, sen embargo oímos, moi atentos, todo o que nos dicía, como que era verdade que había vida no fondo do mar, e que se chamaban SNORKELS.

Aí si que nos quedamos abraiados. Estivéranos escoitando todo o tempo. Neste intre, comecei a falar e a preguntarlle de onde saíran e se sabían que era ese animal tan raro que pasou por nós. Non me contestou, aínda que o intentou, pero non puido, quedou sen voz. Para min fíxoo querendo, mais eran tan estraños, que se podía esperar calquera cousa. O que sabíamos era que nos estaba a facer sinais para que o seguirmos. Nós fixémolos, sen dúbida algunha, porque, ademais de que non queríamos estar alí dentro todo o tempo, ta-

mén nos gustaría sabe-la súa vida e era a mellor oportunidade para facelo. Ese día, non xantamos, só por estar a descubrir cousas novas.

O certo, é que o facíamos para despois anunciálo na tele e nos xornais para ser famosos, tal como está a cousa, cada vez o mundo vai sendo máis caro, facíanos falla e xa que era gratuíto e non custaba nada...

Tal vez estabamos pensando demasiado cedo, como o conto da leiteira, pero ó fin e ó cabo, eramos rapaces de 13 e 14 anos. Comezou a escurece-lo mar e voltamos á tenda.

Cando chegamos, o primeiro que fixemos, foi chamar á casa para contar todo. Por suposto, non nos creron, pero como o esperabamos, non lle demos importancia. Ademáis mellor así eran tódolos Snorkesl para nós sós.

Dende aquela fin de semana, volvemos tódolos días a visitalos, porque eran moi amigables, xa practicamente toda Snorkilandia nos coñecía. Iso a nós gustábanos porque nos sentíamos os máis grandes, aínda que a verdade é que o eramos.

* * *

A MIÑA INFANCIA PASADA NA PRAIA

5º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autor **MANUEL GONZÁLEZ PORTELA**
Colexio Público 'A Pedra' de Bueu

Cando era un rapaz de curta idade e comecei no parvulario fixen moitos amigos, pois a miña clase era moi grande e estaba chea de rapaces da mesma idade ca min. A clase estaba situada moi cerca da praia.

O profesor era un home, xa, maior, pero connosco portábase moi ben, e ensinábanos moitas cousas, a parte da ensinanza do colexio, como a de ir a buscar cunchas pola praia e poder, así, escoitar o ruxido do mar.

O peor do noso mestre era o de poñer un castigo pois dábaselle moi mal; non estaba acostumado a facelo e cando lle xurdía púñase moi triste. El dicía que os castigos non nos ían ensinar nada.

O que máis me gustaba era ir a xogar cos meus compañeiros pola praia durante o tempo do recreo. Cando chegábamos á area comezábamos a correr ó longo da praia, ata que chegábamos ó noso sitio favorito: as rochas que había con penedos moi altos. Alí, tirábamónos por unhas montañas de area que había naquel lugar tan fermoso. Aínda que ás veces tamén xogabamos a correr preto das ondas que estaban na beira. Ó facer isto sempre

rematábamos mollados ata os xeonllos. E ó volver para a escola o mestre botábase a rir pero no mesmo momento rifábanos por todo o ocorrido.

Gracias a esa infancia tan preto do mar, da auga, da area, ... aprendín bastantes cousas sobre o mar. Non todas son boas senón que tamén as hai malas. Pois aínda recordo o accidente que sufriu un amigo meu con tan só cinco anos.

O timbre de remate da clase xa tocara e Xan, Uxío, Xurxo e máis eu decidimos ir ata a praia antes de volver para as nosas casas.

Cando chegamos á praia fomos ata os perigosos penedos que nos amosara o mestre pero ós cales non quería que subísemos posto que eran os máis perigosos daquela zona e tamén os máis altos con perigo de escorregar a medida que se ía subindo, pero a pesar de todo subimos.


Cando chegamos á metade, onde facía un pequeno ancho para poder descansar durante aquel largo percorrido, Uxío decidiu sentarse nunha rocha que daba xusto enriba do cantil; a mín aquel lugar dárame medo e por iso non decidín achegarme demasiado.

Máis tarde, despois de pararmos e descansar, decidimos emprender de novo a nosa viaxe ata a punta máis alta pero xa non o chegamos a facer. Uxío estaba un pouco mareado e quería baixar; entón, cando quixo levantarse as pernas non puideron con el e caiu polo cantil. Nós estábamos cheos de medo pois non sabíamos nadar para ir a rescatalo, aínda que sabendo nadar corríamos o risco de mancarnos ou de morrer.

Pasara un bo rato, e nós decidíramos ir baixando pouco a pouco e, así, desde abaixo poder meternos na auga e intentar buscalo. Xusto naquel intre apareceu un barco de salvamento e traía ó noso amigo dentro. Tivo moitísima sorte, pois só rompera dúas costelas e un brazo, posto que podía morrer ó recibir o golpe fortísimo da caída contra a auga.

Cando cheguei á miña casa, miña nai berroume, pero eu non me enfadei posto que tiña toda a razón do mundo.

Agora, co paso dos anos, cando paseo por esa praia lembro ese tráxico momento e non podo evitar soltar unhas bágoas de tristeza e de alegría por todo o que Deus nos axudou.



O HOME INVISIBLE

1º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **NOEMÍ IGNACIO COSTA**
Colexio Público de Montemogos - Beluso

Un día, nunha zapatería estaban un par de zapatos chamados Pel e Coiro. Ós pobres trátábanos mal e decidiron fuxir. Os dous zapatos camiñaban pola rúa e ninguén os vía. Pel e Coiro, despois dun duro traxecto de pisotóns, atoparon unha mercería. Coma xa era inverno e tiñan un pouco de frío, decidiron entrar e coller uns calcetíns.

Así o fixeron. Os dous calcetíns chamábanse Algodón e Lá. Os catro xa eran moi amigos. Ó chegar a noite os zapatos e os calcetíns atoparon un parque e foron durmir.

Ó día seguinte emprenderon camiño pero esta vez foron por un xardín. De súpeto, saíu un neno á xanela. Sen máis tirou uns pantalóns e dixo que eran moi feos. Os catro amigos colleron os pantalóns e xa se lles vía mais. Como era pola mañá, tódolos nenos estaban na escola.



O Pana e os seus compañeiros emprenderon a viaxe sen perigo. Polo camiño oíron unha voz que saía dunha tenda. Ó pouco saíu unha camisa e dixo:

Non sirvo para esta tenda.

¿Queres vir con nós? Dixeron eles.

E todos foron en busca de máis prendas abandonadas.

Xa parecían un home porque se poñían en forma de home. Todos decidiron ir na busca de novos sitios. Atravesaron un bosque e despois

viron unha luz radiante....¡Era o sol reflectido no mar! Todos quedaron coa boca aberta vendo o mar. Pasaron por moitos sitios pero ningún coma ese. Cando estaban paseando pola area atoparon un sombreiro só.

¿Estás só? –Preguntáronlle

Si, deixáronme abandonado

¿Ves con nós? Insistiron

E emprenderon o camiño. Ó pouco tempo estaban aburridos porque non encontraron a ninguén. Empezaron a pensar no ben que se está na casa e todos querían volver. Todos agás o chapeo, o pobre non tiña casa. Os demais non sabían se os ían aceptar pero dirixíronse á súa casa. A camisa quedou na entrada da tenda e os donos collérona. Os pantalóns metéronse no armario do neno.



Os calcetíns non estaban novos e os donos non os puxeron na tenda pero púxoos a señora. O dono dos calcetíns estaba arrepentido pero axiña aceptou. Todos quedaron moito mellor na casa, e non ían marchar nunca.


* * *

O PEIXE ESCULTOR

2º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **JHOANA BARREIRO PORTELA**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu



Prólogo

Dous seres vivos por moi diferentes que sexan pódense comunicar unha boa proba desta teoría é o meu relato que conta a historia de dous escultores, un terrestre e un mariño, que por medio da súa arte comunícanse.

Bueu, 11/04/98

Vivía no océano Atlántico un peixe martelo que era escultor, tiña 3 fillos e vivía coa sua muller e cos seus pais nunha casa comfortable, feita de rochas mariñas.

O noso amigo escultor inspirábase nas marabillosas cousas do mar.

Un bo día un buzo que se adentrou nas augas oceánicas avistou a cova do escultor e descubriu como facía aquelas obras de arte.

O buzo foi axiña a terra a comunicarlle a un vello e sabio escultor as súas vivencias no fondo do océano.

O día despois do sucedido, o escultor terrestre adentróuse cun traxe de buzo na profundidade do océano Atlántico ate chegar á cova.

Gustáronlle tanto as esculturas do noso amigo que colleu e levouno cunha gaiola ata o barco para, máis tarde, levalo ó zoo de Vigo, e alí puxéronlle unha piscina, con auga salgada e moi grande, con pedras no seu interior para que el as esculpira.

Pero o escultor mariño non esculpía cousas alegres porque estaba lonxe da súa familia.

O peixe martelo tentou comunicarse, por medio das esculturas, co escultor terrestre e este entendeuno. O escultor mariño dicíalle que estaba moi triste sen a súa familia e o escultor terrestre contestoulle, por medio do mesma arte, que poderían facer un trato:

Que el voltábano ó mar pero que, a cambio deixaríalle ir, cada mes, a súa cova, a collerlle algunhas esculturas e se cabe falar un pouco polo medio da arte.

Así foi como se coñeceron estes dous grandes artistas, tódolos meses víanse no fondo do mar e contábanse, mutuamente, cousas incríbles e fascinantes da arte que os unía.

Cando finou o peixe martelo o escultor terrestre, escribiu un libro sobre as súas vivencias no mar titulado "A arte non ten límites"

* * *

A SEREA MARUXAINA

3º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora MARTIÑA VILLAR SERANTES
Colexio Público 'A Pedra' de Bueu

Vouvos a contar unha historia baseada noutra que me contou o meo avo Pepito de Cambados.

É unha historia dunha moza de cabelo longo e negro, ollos verdes, e grandes pestanas. A moza vivía co seu pai, tiña un gatiño que se chamaba Nobelo; porque era gordo e peludo coma un nobelo de la, sempre estaba durmindo ó calor da lareira. Gustáballe comer sardiñas, cando o seu pai as pescaba. A Maruxaina, que así se chamaba a moza, gustáballe ir a esperar a seu pai e ó seu namorado; mentres esperaba metía os pés nas pequenas pozas

que o mar ía deixando cando baixaba a marea, nelas quedaban atrapados pequenos peixiños que lle facían cóxegas.

Tamén ollaba as gaivotas suspendidas no aire, parecía coma se estiveran colgadas das nubes, era feliz.

Pero no fondo do mar, onde a moza Maruxaina gustáballe mirarse nas súas augas como se fose un espello, vivía unha meiga que tiña moita envexa da súa beleza. Un día como outros tantos, Maruxaina foi despedir a seu pai á praia; cando na metade do día, a meiga provocou unha treboada onde se afundiría o barco onde morrerían o seu pai e o seu namorado.

Maruxaina for a esperalos na praia, esperou e esperou moito tempo, pero o barco non volveu endexamais; pero ela como cada día volvía á praia para esperalos.

Din que cando hai tronada é o seu namorado quen pelexa co mar para volver; pero Maruxaina só quería estar co seu pai.

Un día a meiga apareceu, e véndoa tan triste preguntoulle que lle pasara, ela explicoulle o que lle pasara e díxolle que daría calquera cousa só por estar con eles.

A meiga díxolle que podía facelo, pero que tiña que darlle algo a cambio; as súas pernas converteríaaas nun rabo de peixe, ela aceptou; e de súpeto atopouse enriba dunha rocha, unha onda levouna suavemente ata o fondo do mar.

De seguido viñeron ó seu carón golfiños, cabaliños de mar, e toda clase de peixes; aquilo era moi fermoso. Desde ese día non se volveu ver mais a Maruxaina pasear sola pola praia.

Contan os mariñeiros, que cando hai treboada vese á sereíña Maruxaina acompañada dunha manada de golfiños, poñer os barcos a salvo cos seus mariñeiros.

En moitas vilas mariñeiras festéxase e conmemórase a este personaxe.



O POLBO TRISTÓN E A BALEA ANASTASIA

1º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **LAURA COUTO AVE**
Colexio Virxe Milagrosa de Bueu



Érase unha vez uns submarinos que estaban facendo a ruta polo mar Atlántico.


Un día tódolos mariños asustáronse ó ver un polbo que falaba.

O polbo tiña unha grande amiga que era a balea "Anastasia", e era moi graciosa, e moi boa.

Xogaban xuntos pero o polbo Tristón un día magoose nun brazo e como non podía nadar ben, os mariños metérono no submarino e puxéronlle unha venda na ferida e coidárono ata que se curou pero ó faltar tanto tempo Tristón, a súa amiga Anastasia ó subir para respirar había por alí un barco que pescaba baleas, e cando a viron disparáronlle nunha aleta e morreu.

Cando Tristón curou, foi a buscar a Anastasia pero buscou, e buscou e non atopou. Entón volveu ó submarino para pedir axuda para buscar a Anastasia, e os submarinistas contáronlle o ocorrido, entón Tristón púxose a chorar e como non paraba de chorar, os mariños fixéronlle a balea de plástico, e Tristón empezou a rir outra vez.

Pero un día a balea pinchouse cun pincho dunha estrela de mar a empezou a desincharse. Tristón ó ver que era de mentira empezou a chorar outra vez, e desde aquel día chora sen parar, por iso lle puxeron o nome de "TRISTÓN"



AS MAREAS

2º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **VERÓNICA BARREIRO PENA**
Colexio Público de Bueu

Había unha vez un mar que tiña poucos anos, parecía un neno pequeno porque sempre estaba xogando a subir e baixar as mareas. Os veciños da aldea non sabían que facer para que se fixera maior dunha vez e parara quedo.

Cando estaba a marea baixa a xente ía recoller mexillóns, ameixas, e de pronto a marea subía e a auga chegaba ós pescozos dos homes e mulleres que corrían para poñerse a salvo.

Cando estaban os barcos no peirao, de súpeto a marea volvía a baixar e os barcos e as lanchas quedaban varados na praia.

Os veciños andaban tolos e xa non sabían que facer, reuníronse e acordaron que algun tiña que ir a falar co mar e explicarlle os problemas que lles estaba a causar coas suas subidas e baixadas.

O problema era quen iría a falar con el xa que todos tiñan medo e pensaban:
Seguro que a metade da frase atópome coa auga ó pescozo
Tocoulle ó alcalde, para eso era o representante da vila. Chegaron a un acordo.
Se ti andas ben coas mareas nos coidarémoste e non che tiraremos lixo.
De acordo.

O mar púxose moi contento porque non lle gustaba nada estar cheo de botellas e de porcalladas. Pero coma era coma un neno ós 3 días esqueceuse da súa promesa el volveu a subir e baixar sen ton nin son.

Cando o alcalde volveu xunta del, o mar pediulle perdón por esquecer o seu trato. Entón o alcalde tivo unha idea:

Ímoslle poñer un semáforo e cando estea en verde poderás subir a marea e cando estea en vermello teñas que baixar.

O mar ó ir facéndose maior aprendeu a subir e baixar cando tiña que facelo e os veciños quitáronlle o semáforo pero as mareas seguiron existindo.



XOÁN E O MAR

3º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **MARTA PIÑEIRO FERNÁNDEZ**
Colexio Público 'A Rúa' de Cangas

Xoán era un neno alto e delgado de 8 anos. Xoán vivía nun pobo de casas brancas e vermellos tellados.

Tódalas tardes subíase ás rochas para escoitar o murmurio do mar. Desde alí contemplaba os barcos que se perdían na lonxanía do horizonte e as gaivotas que cruzaban o ceo voando de nube en nube.

Agradáballe pisar a area e debuxar nela a forma dos seus pés.

E chapotear na auga espumosa cos pantalóns remangados.

Serei mariñeiro, serei navegante, serei capitán – dicía Xoán - .

Un día atopouse unha caracola de moitos cores e púxose a mirala e requetemirala.

Pasou por alí un vello mariñeiro e díxolle: que estivera onde estivera escoitaría o murmurio do mar.



O MAR LIMPIÑO

1º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora EVA GONZÁLEZ FREIRE
Colexio Público de Bueu

Fai moitos anos o mar estaba moi limpiño
Era tan bonito, que ó pobo gustáballe vivir cos peixes.
Todos eran moi felices, peixes e homes.
Pero un día uns homes foron ó mar a pescar e collían algas.
As veces collían peixes e polbos.
Unha tarde veu outra barca e unha barca díxolle ¿E ti que fas aquí? ¡Pois eu estou pescando algas e peixes!
¡Pois xa sabes! Colle os peixes grandes e deixa os pequenos no mar.
Temos que coida-lo; que é a nosa vida.

